



Concello de Vigo

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellora a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei Integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denunciante, ou de vivenda, mentres medra a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por iso, este Concello **ACORDA**:

- Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema "Contra as Violencias Machistas" e promover a participación cidadá na Marcha.
- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- Soster todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2204, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.
- Atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.



Concello de Vigo

- Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- Sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal.
- A erradicación do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
- Atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, migrantes, con diversidade funcional, en situación de desemprego ou dependentes, e non incorrer na vitimización múltiple nos procesos de atención.
- A participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece os seus artigos 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.

Vigo, 26 de outubro de 2015

Polo Grupo de Marea de Vigo

Polo Grupo Socialista

Polo Partido Popular

Rubén Pérez Correa

Carlos López Font

Elena Muñoz Fonteriz